

Traballo de Fin de Grao

Pobreza e exclusión social na España actual

A Enquisa de Condicións de Vida no ano da covid-19

Alicia Debasa Corral

Titora: Beatriz García-Carro Peña

Programa de Simultaneidade do Grao en Administración e

Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

Curso académico 2021/22

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Economía e Empresa da
Universidade da Coruña para a obtención do Grao en Administración e Dirección de
Empresas

Resumo

O presente traballo aborda a problemática da pobreza e da exclusión social en España nun momento temporal marcado pola crise sanitaria da covid-19 e nun ano no que xa deberían terse cumprido determinados obxectivos na materia, fixados unha década atrás dende a Unión Europea.

Novas realidades sociais implican actualmente unha limitación das medidas de pobreza tradicionais á hora de mostrar unha radiografía completa das situacións de vulnerabilidade socio-económica que atravesa a poboación, de xeito que se fai necesario recorrer a conceptos máis amplos coma o da exclusión social.

A *Enquisa de Condicións de Vida* (ECV), elaborada anualmente polo INE dende 2004, proporciona unha inmensa cantidade de datos, tanto de pobreza como de exclusión, sendo unha fonte moi valiosa e útil para avaliar a incidencia destes problemas en España. Para analizar a situación actual será empregada a última ECV publicada, que, por corresponder ao ano 2020, ten a particularidade de ser a primeira en recoller algúns dos efectos da covid-19.

Entre as medidas de pobreza e exclusión que ofrece a ECV, destaca, polo gran peso da información que contén, o AROPE (*At Risk of Poverty and/or Exclusion*), un indicador agregado utilizado a nivel europeo para medir a porcentaxe de persoas que están en risco de pobreza e/ou exclusión social.

Á vista da magnitude da taxa AROPE en España, interesa coñecer cales son os factores (sociais, familiares, étnicos...) que, no ano 2020, determinaban un maior risco de AROPE entre a poboación española. Para isto, partindo dos micro-datos da ECV 2020, realizarase unha análise descritiva do AROPE segundo determinadas características socio-demográficas da poboación, o cal permitirá anticipar cales factores determinan unha maior propensión á exclusión. Posteriormente, cos mesmos datos, será elaborado un modelo de regresión lóxística que avaliará a incidencia destas variables na probabilidade de sufrir AROPE.

Palabras clave: pobreza, exclusión social, ECV, AROPE, datos, modelo, regresión

Número de palabras: 14.934

Abstract

This project is about the issue of poverty and social exclusion in Spain at a time marked by the covid-19 health crisis and in a year in which certain objectives in the field, set a decade ago by the European Union, should have been reached.

New social realities imply nowadays a limitation of traditional poverty measures in order to show a complete vision of the situations of socioeconomic vulnerability that the population goes through, so that it becomes necessary to resort to broader concepts such as social exclusion.

The *Enquisa de Condicións de Vida* (ECV, *Living Conditions Survey*), prepared annually by the INE (National Statistics Institute), provides an immense amount of data on both poverty and social exclusion, being a very valuable source to assess the incidence of these issues in Spain. In order to analyze the current situation, the last published ECV (2020) will be used, which has the particularity of being the first to collect some of the effects of covid-19.

Among the measures of poverty and exclusion offered by the ECV, the AROPE (At Risk of Poverty and/or Exclusion), an aggregate indicator used by the European Union to measure the percentage of people who suffer from this issue, stands out for the great weight of the information it contains.

In view of the magnitude of the AROPE rate in Spain, it is interesting to know which are the factors (social, family...) that, in the year 2020, determined a greater risk of AROPE among the Spanish population. Starting from the micro-data of the ECV 2020, a descriptive analysis of the AROPE will be carried out according to certain socio-demographic characteristics, which will allow to anticipate which factors determine a greater propensity to exclusion. Subsequently, with the same data, an econometric model of logistic regression will be developed, which will evaluate the incidence of these variables in the probability of suffering AROPE.

Keywords: poverty, social exclusion, ECV, AROPE, data, model, regression

Índice

1. Introducción	7
2. Contextualización	9
2.1. Delimitación conceptual: pobreza e exclusión social.....	9
2.2. Principais indicadores de pobreza e exclusión.....	12
2.2.1. Taxa de risco de pobreza.....	13
2.2.2. AROPE (Taxa de risco de pobreza e/ou exclusión social).....	14
2.3. <i>A Enquisa de Condicións de Vida</i>	15
3. Metodoloxía	18
4. Análise descritiva	20
4.1. Evolución e situación actual do AROPE en España (2020). Avaliación do impacto da covid-19 e da situación a nivel europeo	20
4.1.1. O impacto da covid-19 nas condicións de vida.	24
4.1.2. España no contexto europeo. A Estratexia Europa 2020.....	26
4.2. Estudo do indicador AROPE (2020) por grupos de poboación.....	28
4.2.1. Taxa AROPE por sexo e idade	28
4.2.2. Taxa AROPE por comunidades autónomas	31
4.2.3. Taxa AROPE por grao de urbanización	34
4.2.4. Taxa AROPE por tipo de fogar	35
4.2.5. Taxa AROPE por actividade	36
4.2.6. Taxa AROPE por nivel de estudos.....	38
4.2.7. Taxa AROPE por estado civil.....	39
4.2.8. Taxa AROPE por nacionalidade e país de nacemento.....	40

5. Modelo de regresión loxística	42
5.1. Marco teórico e explicativo.....	42
5.2. Resultados do modelo.....	45
Conclusiones	50
Bibliografía.....	53

Índice de figuras

Figura 1. Diagrama de Venn. O AROPE e os seus compoñentes (2020)	21
Figura 2. Evolución do AROPE e dos seus compoñentes (2008-2020)	23
Figura 3. Crecemento dalgúns ítems de carencia material (2019-2020)	24
Figura 4. Taxa AROPE nos distintos países da Unión Europea (2020)	27
Figura 5. Taxa AROPE e compoñentes por sexo (2020)	28
Figura 6. Taxa AROPE e compoñentes por idade (2020)	29
Figura 7. Taxa AROPE e compoñentes por comunidade autónoma (2020).....	31
Figura 8. Taxa AROPE e compoñentes en Galicia (2019 e 2020)	33
Figura 9. Taxa AROPE e compoñentes por grao de urbanización (2020).....	34
Figura 10. Taxa AROPE e compoñentes por tipo de fogar (2020)	35
Figura 11. Taxa AROPE e compoñentes por actividade (2020).....	37
Figura 12. Taxa AROPE e compoñentes por nivel de estudos (2020)	38
Figura 13. Taxa AROPE e compoñentes por estado civil (2020)	39
Figura 14. Taxa AROPE e compoñentes por nacionalidade e país (2020)	40

Índice de táboas

Táboa 1. Número de persoas en AROPE en España en comparación co obxectivo EE2020.....	27
Táboa 2. Proba da razón de verosimilitude.....	45
Táboa 3. Táboa de clasificación	46
Táboa 4. Táboa de estimacións dos parámetros	46

1. Introducción

A pobreza e a exclusión social da poboación veñen conformando historicamente unha das principais preocupacións tanto para os poderes públicos como para o conxunto da sociedade arredor do mundo enteiro e, evidentemente, tamén en España, onde os niveis de pobreza e exclusión adoitan situarse moi por enriba do desexado, así como das cifras medias do conxunto de países que compoñen a Unión Europea e dos obxectivos que periodicamente son propostos por dita organización.

Como é lóxico, os indicadores destinados á medición da pobreza e da exclusión vense disparados nos contextos de crise, e así se puxo de manifesto coa recente experiencia da gran crise do ano 2008, que golpeou duramente a España. As crises económicas (derivadas de factores coma a especulación, a escaseza de recursos naturais, as tensións xeopolíticas e comerciais...) son relativamente frecuentes, e a súa influencia na pobreza e na exclusión é estudada en profundidade dende hai décadas.

En cambio, só a partir do ano 2020 xurdiu a posibilidade de medir o impacto dunha crise sanitaria mundial coma a da covid-19 na pobreza e na exclusión, xa que se trata dunha pandemia cunha magnitude sen precedentes - polo menos, dende que comezaron a cuantificarse de xeito oficial as cifras de poboación pobre e/ou excluída-.

Ademais disto, 2020 foi o ano tomado como referencia para a consecución dos obxectivos da 'Estratexia Europa 2020', fixados no ano 2010 pola Comisión Europea, entre os que se atopaba a redución significativa do número de persoas en risco de pobreza e exclusión social.

Por isto, a análise da última *Enquisa de Condicións de Vida* (en adiante, ECV) publicada polo INE, correspondente ao ano 2020, resulta de grande interese.

A enquisa ofrece datos para varios indicadores ou medidas de pobreza e exclusión, entre os cales se atopan a taxa de risco de pobreza e o indicador AROPE (siglas de *At Risk Of Poverty and/or Exclusion*). Mentres que a primeira mide unicamente a pobreza referida aos ingresos, o segundo abarca tamén a exclusión social, de xeito que ten en conta outros factores, a maiores da pobreza, relacionados coas condicións de vida das persoas e dos fogares. En consecuencia, o indicador AROPE ofrece unha perspectiva máis ampla no que a pobreza e exclusión se refire. Ademais, mentres que a taxa de risco de pobreza non reflexa os efectos da pandemia, dado que traballa cos ingresos

referidos ao ano anterior (2019), os resultados do indicador AROPE si que inclúen a influencia da covid-19, pois os datos de condicións de vida son referidos ao momento de realización da enquisa -cuarto trimestre do ano 2020-.

Polo anterior, o indicador AROPE, cuxas características e composición serán explicadas, resulta ser o máis axeitado para acadar os obxectivos que persegue o presente traballo.

Un primeiro obxectivo consiste en reflexar cal é a situación actual do noso país en canto a pobreza e exclusión social, mediante a exposición dos resultados da última ECV publicada polo INE (ano 2020), que foi levada a cabo no ano máis duro da pandemia covid-19 e que mostra o panorama transcorridos os dez anos de vixencia da 'Estratexia Europa 2020'. Para isto, serán comparadas as cifras de España no ano 2020 coas de anos anteriores e coas doutros países europeos.

O outro obxectivo proposto consiste en identificar cales son os principais factores socio-demográficos que levan ás persoas e aos fogares españois a caer na pobreza e/ou na exclusión social. Con este fin, levaranse a cabo unha revisión e unha análise descritiva dos datos para expoñer as taxas de AROPE e dos seus compoñentes en función de certas características da poboación, o cal permitirá, intuitivamente, identificar a existencia de relacións de causalidade entre algúns factores e a situación de exclusión social. Posteriormente, co fin de verificar cun maior rigor estatístico a incidencia daqueles factores na probabilidade de sufrir AROPE, será elaborado un modelo de regresión loxística no que o AROPE funcionará como variable explicada e as características da poboación como explicativas.

Para todo o anterior traballarase cos micro datos da ECV 2020 e será empregado o programa estatístico SPSS (*Statistical Package for the Social Sciences*).

O traballo comeza cunha primeira parte conceptual na que se recolle o marco teórico da temática sobre a que versa, é dicir, os conceptos de pobreza e exclusión social. A continuación, inclúese unha breve e concisa explicación sobre o funcionamento e as características da taxa de risco de pobreza, do indicador AROPE e da ECV. En terceiro lugar, lévase a cabo un diagnóstico da situación actual da pobreza e da exclusión social en España, segundo os datos da ECV 2020 e en comparación cos de anos anteriores. Seguidamente, expóñense e interprétanse os resultados da regresión loxística efectuada. Por último, inclúese no traballo un apartado que engloba as principais conclusións derivadas do estudo.

2. Contextualización

2.1. Delimitación conceptual: pobreza e exclusión social

De cara á realización do traballo, convén, en primeiro lugar, delimitar con claridade os significados aos que nos referimos cando falamos de pobreza, de desigualdade ou de exclusión social, posto que son termos que na vida cotiá adoitan tratarse de maneira indistinta e que, en cambio, encerran no seu significado matices diferenciais de gran relevancia. Atopámonos, ademais, ante conceptos moi vinculados ao avance das sociedades, que adquiren novas dimensións co paso do tempo, polo que, en ocasións, deben ser redefinidos.

En canto á pobreza, pode dicirse que, a pesar da enorme variedade de enfoques aportados polos autores, existe certo consenso á hora de entendela como una carencia de necesidades: a maioría das definicións caracterízanse por incluír esa nota de privación do acceso a bens ou servizos necesarios, que se debe, ademais, á falta de recursos económicos. Así, Sen (2000) identifica a pobreza coa privación das capacidades básicas, Spicker (2009), por exemplo, define como pobres a aquelas persoas que “*carecen de ingresos, riqueza ou recursos para adquirir ou consumir as cousas que necesitan*”, e Ashton (1984) identifica a pobreza coa existencia de necesidades esenciais que non son satisfeitas. No mesmo sentido, Baratz e Grisby (1971) entenderon a pobreza como “*unha privación severa de benestar físico e benestar mental, estreitamente asociada con inadecuados recursos económicos e consumos*”, e García-Carro e Sánchez Sellero (2020) identifican o concepto coa dificultade das persoas para acceder aos bens necesarios para asegurar unha calidade de vida decente e un desenvolvemento persoal e social satisfactorio.

Agora ben, Spicker (2009) aclara que debe existir un patrón de privación ao longo do tempo, e non tratarse dunha mera privación excepcional (por exemplo, carecer momentaneamente da vivenda a causa dunha catástrofe natural).

Entre as distintas perspectivas dende as que se contempla a pobreza, destaca a disxuntiva entre os enfoques absoluto e relativo. A pobreza absoluta relaciónase coa subsistencia e refírese á incapacidade para acceder a un determinado paquete de bens e servizos considerados necesarios (Fernández et al., 2014), debida á falta de recursos, de xeito que a insatisfacción de tales necesidades constitúe un estado de pobreza, con

independencia do nivel de vida da sociedade na que estea a persoa pobre (Domínguez e Martín, 2006). Pola contra, a pobreza relativa achégase á noción de desigualdade e vincúlase necesariamente cun nivel ou estándar de vida mínimo ou normal, que será distinto en cada país ou rexión. Así, Townsend (1979), defensor do enfoque relativo, afirmaríaa que “*os individuos, as familias e os grupos da poboación atópanse en pobreza cando carecen dos recursos para obter os tipos de dieta, participar nas actividades e ter as condicións de vida e as comodidades que se acostuman, ou que polo menos son amplamente promovidas ou aprobadas nas sociedades ás que pertencen*”, e, máis brevemente, Ringen (1988) identifícaa cun “*nivel de consumo que está por debaixo do que xeralmente se considera o mínimo decente*”.

Este enfoque relativo abriuse camiño como o máis axeitado para avaliar os niveis de pobreza nun mundo globalizado coma o actual, no que as posibilidades de satisfacción de determinadas necesidades e o nivel de vida nuns e noutros países non teñen nada que ver. Así, por exemplo, na Decisión do Consello Europeo de 19 de decembro de 1984, relativa a unha acción comunitaria específica de loita contra a pobreza, sinalábase que “*son pobres aquelas persoas, familias e grupos de persoas cuxos recursos (materiais, culturais e sociais) son tan limitados que quedan excluídos do estilo de vida minimamente aceptable para o Estado membro no que habitan*”, e o Banco Mundial, en 1990, definiu a pobreza como a incapacidade para alcanzar un nivel de vida mínimo en determinados servizos (Bazán et al., 2011).

Neste sentido, as necesidades pasan a un segundo plano: como exemplifica Spicker (2009), os habitantes dun país poderían non necesitar un ben ‘superfluo’ como a entrada dun concerto e, ao mesmo tempo, ser considerados pobres se non poden adquirilo. A medida que descende o nivel de vida dunha sociedade, a relación é a inversa: a poboación non chega a ser considerada pobre aínda que non poda permitirse bens ou servizos que si necesitaría.

Como se verá, é a perspectiva relativa a que se utiliza actualmente para medir a pobreza a nivel europeo, a partir dun límite de pobreza que é diferente para cada país segundo o nivel de ingresos da súa poboación.

Este enfoque relativo está estreitamente relacionado co concepto de desigualdade económica, entendendo por tal a dispersión que existe na distribución de ingresos, de bens, do consumo ou dalgún outro indicador de benestar entre unha determinada poboación (Litchfield, 1999). Así, a desigualdade refírese á dispersión respecto dos estándares de vida da poboación, sexa a mesma pobre ou non: pode existir

desigualdade sen pobreza, e pobreza sen desigualdade (McKay, 2002). Ambos os conceptos, aínda que adoitan coexistir en estreita relación, non deben confundirse.

Como pode apreciarse do exposto ata agora, a discusión sobre a pobreza límitase ao espazo da privación económica e está vinculada aos ingresos e á carencia de recursos económicos para a obtención de bens e servizos. A pobreza é, en esencia, pobreza económica (Foster, 1984).

Non obstante, as profundas transformacións socioeconómicas producidas nas últimas décadas nos países máis avanzados, coa modificación das categorías tradicionais de organización económica, social e política imperantes no século pasado, deron lugar a realidades ata entón descoñecidas: novas formas de traballo (véxase a proliferación do tele-traballo a raíz da covid-19), forte crecemento da poboación urbana, envellecemento e despoboamento do rural, novas formas de precariedade laboral, inmigración e diversidade étnico-racial (sobre todo nas cidades), reestruturación do modelo de familia tradicional, novas modalidades de ocio, recoñecemento de diferentes identidades e orientacións sexuais, novas tecnoloxías, dixitalización do acceso aos servizos, e un longo etc. (Hernández, 2008).

Estas novas realidades, ao tempo que traen progreso e benestar, implican tamén novos mecanismos de marxinação, desequilibrio e segregación nos que outros factores, ademais do estritamente económico, funcionan como propulsores de situacións de vulnerabilidade e desigualdade na poboación (Subirats et al., 2004). Por isto, o concepto de pobreza presenta dende hai tempo unha insuficiencia para explicar por si mesmo determinados procesos que afectan a algunhas persoas e, máis rigorosamente, a algúns colectivos.

É neste contexto no que xorde o concepto de exclusión social, que vén a ampliar ao de pobreza -sen excluílo nin prescindir del-. Comezou a utilizarse en Francia nos anos setenta, asociándose principalmente ao desemprego e á inestabilidade dos vínculos sociais: a obra *Les Ecluxs: un Français sur dix*, publicada en 1974 polo político René Lenoir, supuxo o punto de partida para a xeneralización do termo exclusión social na vida pública e política. Pouco despois sería adoptado pola Unión Europea como un elemento central da súa política social e como un dos grandes retos que afrontar (Subirats et al., 2004).

Atopamos, nas investigacións e estudos sobre a materia, decenas de definicións que tratan de explicar en que consiste o fenómeno da exclusión. Así, Jiménez et al. (2009) sinalan que a exclusión social “*é un concepto que trata de explicar teoricamente unha*

serie de fenómenos fundamentalmente sociais e económicos, que se relacionan coa perda, ou a negación, de dereitos esenciais que definen a cidadanía social". De xeito similar, Subirats et al. (2004): "co termo exclusión social quérese describir unha situación concreta (...) que fai que lle sexa moi difícil a unha persoa ou a un colectivo o acceso ás oportunidades e recursos dos que dispón a propia sociedade".

Como se aprecia, o concepto está integrado por unha serie de caracteres fundamentais recollidos polos teóricos da materia (Martínez, 2004 ou Jiménez et al., 2009). Así, hai consenso á hora de considerar que a exclusión é un fenómeno relativo, porque as condicións que levan á situación de exclusión son diferentes en cada sociedade e época. Tamén se afirma que a exclusión social ten carácter multi-dimensional e multi-factorial, posto que se debe sempre a unha acumulación de factores ou causas. Así mesmo, estamos a falar dun proceso, non dun estado: as fronteiras da exclusión son flexibles e hai unha ampla gama de situacións intermedias entre estar ou non excluído. Por último, é un fenómeno estrutural, inherente ao funcionamento do sistema socioeconómico actual.

En definitiva, os tradicionais conceptos de pobreza e desigualdade económica, sen perder a súa importancia, son abarcados hoxe por outro máis amplo, o da exclusión social. Así, a exclusión distínguese da pobreza en que non toda situación de exclusión se debe á falta de recursos económicos, senón que aquela pode derivarse doutros factores de moi diversa índole -se ben, como afirma Subirats et al. (2014), segue sendo certo que as persoas que están en situación de pobreza teñen moitas máis posibilidades de caer nas desconexións e déficits que desembocan na exclusión social-.

A identificación dos factores que máis inflúen en España en que unha persoa ou colectivo caia na pobreza e/ou exclusión é, como xa se indicou, o principal obxectivo do presente traballo, debido á suma relevancia que presenta a cuestión: a correcta abordaxe dun problema implica necesariamente coñecer as súas causas. Por isto, a nivel nacional, tanto en España coma no resto de países da Unión Europea, recóllese anualmente unha enorme variedade de datos co fin de coñecer e controlar as causas e os niveis de exclusión social da poboación, empregando indicadores coma os que se definen no seguinte apartado.

2.2. Principais indicadores de pobreza e exclusión

As medidas máis importantes utilizadas tanto en España como no conxunto da Unión para a avaliación da pobreza e da exclusión social correspóndense coa

problemática exposta acerca destes dous conceptos. Así, a medición da pobreza realízase en termos relativos, e para a exclusión social emprégase un indicador agregado que recolle a influencia de múltiples factores.

2.2.1. Taxa de risco de pobreza

O indicador por excelencia para a medición da pobreza monetaria é a denominada taxa de risco de pobreza. Esta foi incluída no sistema de indicadores utilizados por Eurostat para a avaliación do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas a nivel europeo, así como nos indicadores empregados para o seguimento da 'Estratexia Europa 2020' á que se fará referencia mais adiante (Ministerio de Trabajo e Economía Social, 2021). Loxicamente, tamén é o indicador que se utiliza a nivel español na ECV cuxos datos se analizan neste traballo.

Como xa se adiantou, estamos ante unha medida relativa do risco de pobreza: clasifica aos suxeitos como pobres ou non segundo a súa posición en relación co conxunto, coa sociedade. Concretamente, a taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas que viven en fogares cuxa renda dispoñible por unidade de consumo é inferior ao límite de pobreza, sendo este último o 60% da mediana¹ da renda dispoñible por unidade de consumo dos fogares a nivel nacional (EAPN, 2018). No ano 2020, o límite de pobreza individual para unha persoa fixouse en 9.626 euros anuais (INE, 2021). Unha persoa que non acadase esa cifra foi considerada pobre nese período.

A efectos de realizar unha comparación máis realista entre fogares de moi diversa natureza (monoparentais, familias numerosas, xubilados, etc.), a taxa de risco de pobreza é calculada empregando a chamada renda equivalente (Fernández, 2014), resultante de dividir a renda dispoñible total dun fogar polo número de unidades de consumo que o compoñen, e asignando o resultado por igual a cada un dos membros do fogar. A escala de equivalencias que transforma os individuos en unidades de consumo ten en conta o tipo de persoas que comparten os gastos do fogar: o INE emprega a escala da OCDE modificada² (Lacuesta e Anghel, 2020).

Polo demais, convén destacar que a taxa de risco de pobreza emprega a renda dispoñible, isto é, despois de impostos e outras deducións. Así mesmo, esta taxa

¹ Ordeados os fogares de menor a maior segundo a súa renda por unidade de consumo, a mediana é aquel valor de renda que divide o listado en dúas metades, de xeito que a metade dos fogares teñen unha renda superior a esa cifra e a outra metade unha renda inferior.

² Esta asigna 1 unidade de consumo ao primeiro adulto; 0,7 aos seguintes adultos (maiores de 13 anos) e 0,5 para os nenos (de 13 ou menos anos).

calcúlase empregando a renda despois de transferencias sociais. Como é evidente, a taxa de pobreza antes de transferencias sociais resultaría moito máis elevada, xa que as prestacións sociais son unha importante ferramenta do Estado do benestar para reducir os niveis de pobreza.

2.2.2. AROPE (Taxa de risco de pobreza e/ou exclusión social)

O indicador AROPE (denominado así polas súas siglas en inglés: *At Risk Of Poverty and/or Exclusion*) foi creado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN). Do mesmo xeito que a taxa de risco de pobreza, forma parte do sistema de indicadores de desenvolvemento sostible de Eurostat (Eurostat, 2022) e, ademais, foi o indicador proposto pola Unión Europea para avaliar o seguimento dos obxectivos de pobreza e exclusión social contemplados na 'Estratexia Europa 2020'. Trátase da medida harmonizada utilizada actualmente nos países da Unión para cuantificar os niveis de pobreza e exclusión social.

A taxa AROPE está composta por tres sub-indicadores que determinan que unha persoa ou fogar se considere en risco de pobreza e/ou exclusión social. Así, considéranse suxeitos pobres e/ou excluídos aqueles que se atopen nunha ou varias das situacións que se definen a continuación (INE, 2021).

1. En situación de risco de pobreza, de acordo coa taxa definida no apartado anterior. É dicir, persoas cuxa renda dispoñible por unidade de consumo sexa inferior ao 60% da mediana nacional.
2. En situación de carencia ou privación material severa. Están nesta situación as persoas que sofren, polo menos, catro das nove carencias seguintes:
 - Non pode, economicamente, ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode pagar unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días.
 - Non pode, por razóns económicas, manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
 - Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos .
 - Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) ou en compras a prazo nos últimos 12 meses.

- Non pode, economicamente, dispoñer dun automóbil.
- Non pode, economicamente, dispoñer dun teléfono móbil.
- Non pode, economicamente, dispoñer dun televisor en cor.
- Non pode, economicamente, dispoñer dunha lavadora.

3. En situación de baixa intensidade no traballo (BIT). Inclúe as persoas que viven en fogares cunha intensidade de traballo inferior ao 20%, sendo esta a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas do fogar en idade laboral (EAPN, 2018). Así, por exemplo, se nun fogar no que viven catro adultos só un deles traballa, a xornada completa, a intensidade do traballo sería do 25% (Fernández et al., 2014). Mídese só para persoas menores de 60 anos.

É de gran relevancia ter presente que tales situacións non teñen que darse de xeito acumulativo (“e/ou”): é suficiente que unha persoa estea afectada soamente por unha das tres situacións descritas para ser incluída na taxa AROPE.

Como pode apreciarse, a creación do indicador AROPE responde á explicada insuficiencia do concepto eminentemente monetario para definir e medir a exclusión social. Do mesmo xeito que a exclusión excede da pobreza e abarca tamén outras dimensións, a taxa AROPE inclúe a taxa de risco de pobreza, pero tamén outros factores. As persoas que sofren risco de pobreza están necesariamente contabilizadas no AROPE, pero non ao contrario. Así, o AROPE recompila información máis cuantiosa e realista de acordo co concepto actual da exclusión, e, por iso, é o indicador utilizado como referencia neste traballo.

2.3. A Enquisa de Condicións de Vida

Unha vez explicados os conceptos de pobreza e exclusión e os principais indicadores utilizados para a súa medición, resta unicamente expoñer as características principais da fonte de datos da que se parte para a análise a efectuar no resto do traballo: a ECV do ano 2020.

A ECV é unha operación estatística incluída no conxunto de operacións estatísticas harmonizadas dos Estados membros da Unión Europea. Foi deseñada en colaboración polos Institutos Nacionais de Estatística dos distintos Estados membros da Unión (INE, 2005), co obxectivo de obter datos que permitisen a comparación entre os distintos

países, e con ese obxectivo foron aprobados distintos Regulamentos referidos aos criterios da enquisa e aos deberes e obrigas dos Estados membros en relación con ela (IBESTAT, 2022). Na maioría dos países (e no noso) foi no ano 2004 cando comezou a realizarse a ECV.

En España, a enquisa é elaborada anualmente polo INE, publicándose os resultados ao ano seguinte. A última ECV dispoñible (no primeiro semestre de 2022) é a correspondente ao ano 2020, publicada en xullo de 2021.

O tipo de mostraxe que se utiliza é a de panel rotante: a mostra está composta por catro sub-mostras independentes, sendo cada unha delas un panel de catro anos de duración. Cada ano renóvase unha das catro sub-mostras. Á súa vez, estas están integradas por fogares, concretamente por fogares privados incluídos nunha vivenda familiar principal, sendo obxecto de análise e de observación tanto o fogar en conxunto como as persoas que residen nel (INE, 2005). Os fogares incluídos na mostra colaboran coa ECV durante un periodo de catro anos consecutivos, tras o cal son substituídos por outros. O tamaño da mostra para a ECV 2020 foi de 15.043 fogares.

O traballo de campo, isto é, a recollida da información, realízase mediante entrevista persoal aos membros informantes dos fogares que compoñen a mostra, na que se obtén a información necesaria para cumprimentar os cuestionarios nos que se sustenta a enquisa, que son basicamente catro: ficha de seguimento, ficha de fogar, cuestionario de fogar e cuestionario individual (INE, 2005). O modelo de cada cuestionario pode atoparse na páxina web do INE: <https://is.gd/HQpHbq>

En resumo, a ECV realízase coa colaboración dun número de fogares que se considera representativo do conxunto da poboación española, que durante catro anos colaboran co INE aportando a información que se lles require -tanto referida ao conxunto do fogar como a cada unha das persoas que o integran-.

Como xa se indicou, a ECV 2020, obxecto deste traballo, posúe unha especial relevancia por corresponder ao ano da crise sanitaria mundial debida á covid-19.

Agora ben, respecto a isto último e aos efectos de interpretar os datos ao longo do traballo, é esencial aclarar que, como advirte o INE na nota de prensa publicada coa enquisa (INE, 2021), o efecto da pandemia nos resultados é parcial, debido a que os datos sobre ingresos mostran a realidade do ano anterior. Cando se realiza a enquisa (ano 2020, neste caso), a información que se lles require aos informantes sobre os seus

ingresos é referida ao período previo (ano 2019): polo tanto, os datos de ingresos reflexan unha situación allea ao comezo da pandemia.

Pola contra, a información sobre condicións de vida é referida ao momento da entrevista, que foi o cuarto trimestre do ano 2020. Así, si recolle o impacto da pandemia nas condicións de vida da poboación española (Foessa, 2021), que, como era de esperar e como se verá máis adiante, tivo a súa repercusión no AROPE.

A información que recolle a ECV é moi cuantiosa e engloba aspectos moi variados, (tal e como pode deducirse dos cuestionarios empregados, citados anteriormente, e dos resultados que ofrece o INE): nivel de rendas, nivel de estudos, saúde, privación material, dificultade para chegar a fin de mes, tipo de vivenda e moitos outros que permiten mostrar as cifras dos principais indicadores de xeito moi completo.

3. Metodoloxía

Con carácter preliminar á análise dos datos, cómpre explicar o proceso de obtención e de procesamento que se levou a cabo sobre os ficheiros de datos empregados tanto para a análise descritiva coma para a posterior elaboración do modelo de regresión loxística.

Partindo do xa exposto anteriormente acerca do funcionamento, características e metodoloxía da ECV, o INE ofrece ficheiros de datos (básicos e detallados) sobre fogares e sobre persoas. En canto ás persoas, dispónse dun ficheiro con datos recompilados para todas as persoas da mostra e doutro con datos para as persoas de 16 ou máis anos. Os ficheiros conteñen datos, respectivamente, para 15.043 fogares, 38.011 persoas e 31.212 persoas de 16 ou máis anos.

En primeiro lugar, os ficheiros foron descargados do INE en formato texto ou CSV (*comma separated values*) e convertidos en ficheiros Excel.

Sendo o obxecto de estudo do presente traballo os individuos (e non os fogares), xurdiu o problema de que algunha información de interese -como a carencia material- estaba recompilada a nivel dos fogares, mais non a nivel individual.

Por isto, foi necesario desagregar de xeito manual a información obtida para cada un dos 15.043 fogares en cada unha das 38.011 persoas que compoñen ditos fogares. Deste xeito logrouse dispoñer dos datos sobre todas as variables a nivel individual para cada unha das persoas da mostra e, incluso, poder traballar con datos para os que o INE non publica resultados (coma os relativos ao grao de urbanización, o estado civil ou o país de nacemento).

Por outra banda, para algunhas das variables relevantes (por exemplo, a nacionalidade) o INE só obtén os datos para persoas de 16 anos en diante. Por isto, foi necesario recortar o ficheiro cos datos do total de persoas e unilo ao ficheiro que proporciona o INE para as persoas de 16 ou máis anos.

Posteriormente, ambos os ficheiros ('*Persoas*' e '+16') foron convertidos ao formato SPSS, o programa estatístico empregado para a análise e para a regresión.

As variables para as que se ten información entre ambos os ficheiros SPSS son 10: sexo, idade, comunidade autónoma, grao de urbanización, tipo de fogar, actividade,

nivel de estudos, estado civil, nacionalidade e país de nacemento. Todas foron etiquetadas e algunhas delas tamén re codificadas empregando o arquivo de códigos que proporciona o INE, dando lugar ás seguintes categorías:

1. Sexo: dúas categorías -home e muller-.
2. Idade: cinco categorías -persoas de 0 a 15 anos, de 16 a 25 anos, de 26 a 45 anos, de 46 a 65 anos e de 66 ou máis anos-.
3. Comunidade autónoma: 19 categorías -todas as comunidades e as dúas cidades autónomas-.
4. Grao de urbanización: 3 categorías -zona moi poboada, zona media e zona pouco poboada-.
5. Tipo de fogar: 6 categorías -unha persoa, dous adultos sen nenos, outros fogares sen nenos, un adulto con nenos, dous adultos con nenos e outros fogares con nenos-.
6. Actividade: 4 categorías -empregados, parados, xubilados e outros inactivos-.
7. Nivel de estudos: 4 categorías -educación primaria ou inferior, primeira etapa da secundaria, segunda etapa da secundaria e educación superior-.
8. Estado civil: 5 categorías -solteiros, casados, separados, viúvos e divorciados- .
9. Nacionalidade: 2 categorías -española e estranxeira-.
10. País de nacemento: 2 categorías -España e outro-.

Para a análise descritiva empregáronse os dous ficheiros ('*Persoas*' e '+16'), en función de cal fose a variable a estudar, mentres que o modelo de regresión loxística realizouse sobre o ficheiro '+16', que contén información para todas as variables.

En ambos os ficheiros traballouse cos datos ponderados para 46.874.430 persoas e 39.516.290 persoas de 16 anos ou máis, é dicir, para o total da poboación.

4. Análise descritiva

Este amplo apartado ten por obxecto realizar un estudo empírico dos datos ofrecidos pola ECV 2020 no referente ao indicador AROPE. Nunha primeira fase analízase a evolución do AROPE e dos seus compoñentes, facendo especial fincapé na situación do 2020, nos efectos da pandemia sobre as condicións de vida e na posición actual de España respecto do conxunto europeo. Posteriormente, nun segundo subapartado, móstranse os niveis da taxa AROPE no ano 2020, desagregada por compoñentes, para diferentes categorías de poboación clasificadas por características socio-demográficas.

4.1. Evolución e situación actual do AROPE en España (2020). Avaliación do impacto da covid-19 e da situación a nivel europeo

A porcentaxe de persoas en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social para o ano 2020 en España acadou o 26,4% da poboación. É dicir, algo máis da cuarta parte da poboación española atopábase no 2020 en, polo menos, unha das situacións que alternativamente implican ser incluído na taxa AROPE (risco de pobreza, carencia material severa e/ou baixa intensidade no emprego). A efectos de comprender mellor o alcance e significado desta cifra, cómpre desagregar o AROPE nos seus tres compoñentes e observar os resultados dos anos previos ao de referencia.


O compoñente que ten unha maior incidencia na poboación e, polo tanto, un maior peso á hora de levar ás persoas ou fogares españois a verse incluídos na taxa AROPE é a pobreza monetaria ou económica, medida a través da taxa de risco de pobreza: para 2020, unha porcentaxe total do 21% da poboación tivo no ano anterior unha renda dispoñible por unidade de consumo inferior ao 60% da mediana nacional, é dicir, inferior a 9.626 euros.

Pola súa banda, un 9,9%³ da poboación española vivía no ano anterior á entrevista en fogares con baixa intensidade no emprego, e un 7% da poboación atopábase, no momento da entrevista, en situación de carencia material severa.

³ Realmente, atendendo ao ficheiro SPSS elaborado para a realización deste TFG, obsérvase que a taxa de persoas entrevistadas que, segundo a súa resposta, se atopaban en situación de

A composición do AROPE en España para o 2020 e a intersección entre os seus distintos compoñentes refléxase visualmente no seguinte diagrama de Venn.

Figura 1. Diagrama de Venn. O AROPE e os seus compoñentes (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Como pode apreciarse, un 13,7% da poboación -é dicir, a metade dos que integran o AROPE- incluíuse no indicador por atoparse exclusivamente en risco de pobreza, sen sufrir baixa intensidade no emprego nin carencia material severa. Un 3,1% padeceu

baixa intensidade no traballo foi do 7,4%, mentres que o 67,1% non o estaba. Para un 25,5% dos entrevistados, non se teñen datos -lémbrese que a BIT se mide para as persoas de 0 a 59 anos-.

Nesta situación, o INE opta, todos os anos, por asignar dita poboación sen resposta ao “si” e ao “non” proporcionalmente, de xeito que, mediante esta operación, obtense a mencionada cifra do 9,9% da poboación en situación de baixa intensidade no emprego no 2020, cifra que o INE publica como oficial.

No presente traballo, coa finalidade de poder comparar a os datos actuais cos de anos previos -estes últimos, proporcionados polo INE mediante a técnica descrita- e de non incorrer en discrepancias con outros estudos que empregan os datos do INE, óptase por mostrar os datos de baixa intensidade no emprego, para todas as categorías de poboación, ponderados do mesmo xeito que o faría o INE.

simultaneamente pobreza e baixa intensidade no emprego (sendo esta intersección a de maior incidencia), e un 2,7% experimentaba á vez pobreza e carencia material.

En canto á privación material severa, o 2,6% da poboación incluíuse no AROPE unicamente por atoparse en dita situación. Aínda que non se trata dunha porcentaxe elevada, pon de manifesto que unha persoa pode percibir ingresos por enriba do límite aceptable e vivir en fogares nos que hai emprego, e aínda así sufrir privación material, a causa da mala calidade do emprego e a insuficiencia desas rendas percibidas para satisfacer certas necesidades como poden ser as vacacións ou mesmo a alimentación.

Outro 2,6% da poboación, en cambio, incluíuse no AROPE só por estar vivindo en fogares con baixa intensidade no emprego, pero con ingresos superiores ao límite e sen padecer carencia material severa, o cal indica que non necesariamente unha baixa intensidade no emprego implica ser pobre -aínda que si na maioría dos casos-.

Cómpre resaltar que só o 0,3% da poboación padece á vez carencia material severa e baixa intensidade no emprego sen pobreza monetaria. Resulta complicado atopar situacións nas que unha persoa que vive nun fogar con pouco emprego e con carencia material severa obteña rendas por enriba do límite de pobreza. É a combinación de supostos menos habitual.


Por último, o 1,4% da poboación vese afectada simultaneamente polos tres compoñentes do AROPE, é dicir, padece á vez risco de pobreza, carencia material severa e baixa intensidade no emprego. Estas persoas padecen a precariedade máis absoluta, situándose no escalón máis profundo da exclusión social.

Ademais da exposta fotografía do ano 2020, resulta de interese examinar a evolución destas cifras ao longo dos anos.

A gráfica seguinte mostra o comportamento do AROPE e dos seus tres compoñentes dende o ano 2008 ata a última actualización dos datos.

No que afecta á variación 2019-2020, cómpre recordar que os datos sobre ingresos (TRP) e sobre intensidade no traballo (BIT) pertencen ano 2019, mentres que os datos sobre condicións de vida (CMS) refírense ao momento da entrevista.

Figura 2. Evolución do AROPE e dos seus compoñentes (2008-2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Comezando coa baixa intensidade no traballo, destaca a súa clara tendencia á baixa dende a recuperación da crise, mais no 2020 aínda non se acadaran os niveis de intensidade previos á gran recesión. A forte caída desta variable contrasta coa tendencia da taxa de risco de pobreza e da carencia material severa, posto que estas dúas manteñen, dende o 2014, unha liña de estabilidade ou redución moi moderada - interrompida no último ano, como se expoñerá a continuación-. É dicir, o feito de que a poboación española traballase cunha intensidade moi crecente nos últimos anos non trouxo consigo unha mellora proporcional dos seus niveis de pobreza e de carencia.

Estes datos poñen de manifesto o xa coñecido problema da precariedade laboral: o emprego en España, en moitos casos, non é suficiente para sacar a poboación da pobreza e da exclusión. Segundo o informe elaborado por CCOO e o Instituto de Economía Internacional da Universidade de Alacante (2021), en 2019 o 48,5% dos asalariados en España tiñan un emprego de baixa calidade (entendendo por tal, por exemplo, baixos salarios, inestabilidade, ou sobre cualificación). A última Enquisa de Poboación Activa (INE, 2022), do cuarto trimestre de 2021, indicaba que un 25% dos contratos en España foron temporais, un 13,5% a tempo parcial, e realizáronse 6,28 millóns de horas extras -2,85 millóns non pagadas-.


Segundo o estudo citado arriba, Andalucía, Canarias e Extremadura serían as comunidades con maior precariedade, mentres que no outro extremo estarían Madrid, País Vasco e A Ríoxa. Así mesmo, a precariedade afecta especialmente ás mulleres, aos inmigrantes, ás persoas con estudos básicos e á poboación nova.

4.1.1. O impacto da covid-19 nas condicións de vida.

Ademais do comentado, destaca no gráfico anterior a reversión da tendencia seguida ata agora polos niveis de privación material severa. É neste compoñente onde pode apreciarse o efecto devastador da pandemia, xa que as respostas refírense neste ámbito ao momento da entrevista -finais do 2020-. Máis alá do INE, outras organizacións como Foessa (2021) advertiron da gravidade da afectación da crise sanitaria ás condicións de vida.

A carencia material severa subiu do 4,7% ao 7% no último ano, volvendo así, de repente, á cifra rexistrada ao final da gran crise financeira. É dicir, un 7% da poboación española experimenta catro ou máis dos nove supostos de privación material expostos no apartado 2.2.2.

Figura 3. Crecemento dalgúns ítems de carencia material (2019-2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Mentres que nos últimos anos a gran maioría dos conceptos de privación rexistraban unha redución moi positiva da poboación afectada, a incidencia no 2020

creceu para absolutamente todos os elementos de carencia definidos a nivel europeo⁴, nalgúns de xeito moi acusado. É lóxico intuír, polo tanto, que tales aumentos teñen por causa o impacto da covid-19 na actividade socio-económica (mais serán as enquisas dos próximos períodos as que corroboren ou rexeiten esta hipótese).

O tipo de privación que máis aumentou foron os atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal ou en compras a prazos⁵, unha situación que, sen dúbida, afecta enormemente ao benestar, físico (pénsese na imposibilidade de pagar a auga quente, a calefacción ou a luz) e, non menos importante, psicolóxico: a dificultade para pagar os gastos da vivenda, baixo a ameaza de ver cortadas as subministracións básicas ou incluso de ser expulsado do fogar, provoca unha intranquilidade evidente, máxime en familias con menores a cargo.

Aumentou tamén de xeito significativo a porcentaxe de persoas que non poden pagar o mantemento dunha temperatura axeitada na súa casa, en tres puntos porcentuais, pasando a situarse nun 10,9% da poboación española.

Moi preocupante resulta tamén que un 5,8% da poboación non poda comer polo, carne ou peixe polo menos cada dous días, fronte ao 3,8% previo á pandemia. A imposibilidade económica para manter unha dieta equilibrada atópase tamén entre as privacións máis graves, que non teñen -ou non deberían ter- cabida nun país desenvolto coma o noso, e que contribúen ao impacto negativo da pobreza e da exclusión na saúde.

É destacable o incremento da poboación que non pode dispoñer dun ordenador persoal, precisamente nun ano no que a necesidade dos dispositivos electrónicos se puxo de manifesto coma nunca antes. A pobreza tecnolóxica, máis coñecida como 'fenda dixital', contribuíu enormemente á exclusión educativa-laboral (e, polo tanto, á vulnerabilidade social), durante os meses de confinamento, nos que fomos testemuñas do esforzo realizado por moitos centros educativos para paliar a desigualdade entre estudantes neste sentido (González et. al, 2021).

A gravidade da situación non remata nos elementos mostrados na gráfica: por exemplo, o 35,4% da poboación non era capaz de afrontar gastos imprevistos e o 34,4% non puido marchar de vacacións nin unha semana ao ano. Ambas as porcentaxes son superiores -en 1,5 e 1 puntos porcentuais, respectivamente- ás previas á pandemia.

⁴ Non se tratan datos relativos á falta de teléfono móvil, televisor en cor e lavadora porque estas tres carencias teñen una incidencia practicamente nula en España.

⁵ A porcentaxe de persoas con atrasos no pago de gastos da vivenda principal foi do 12,2%, que ascende ao mencionado 13,5% ao engadir ás persoas con atrasos no pago de compras a prazos.

Por último, no que respecta ás condicións de vida, no 2020 un 10 % das persoas - fronte ao 7,8% do 2019- chegaban a fin de mes 'con moita dificultade'. Se engadimos o 12,8% que presentaba 'dificultade' e o 22,3% 'certa dificultade', resulta que o 45,1% da poboación española no 2020 non era capaz de chegar a fin de mes sen dificultades.

En definitiva, os datos sobre condicións de vida mostran, en xeral e de xeito moi acusado, unha influencia moi negativa da pandemia na situación socioeconómica da poboación española.

4.1.2. España no contexto europeo. A Estratexia Europa 2020

O feito de que España sexa un dos Estados pertencentes á Unión Europea implica que nos manteñamos en contacto continuo coas accións que esta organización formula para facer fronte aos diversos retos que xorden no ámbito comunitario. Precisamente, a Unión Europea contribuíu enormemente á posta en marcha de mecanismos de loita contra a exclusión social por parte dos países que a integran.

Así, a loita contra a pobreza e a exclusión social tivo un espazo importante na 'Estratexia Europa 2020', formulada no ano 2010 pola Comisión Europea co obxectivo de establecer un marco de actuación que proporcionase unhas bases sólidas para a recuperación de Europa tras a crise do ano 2008 (Comisión Europea, 2010).

Coa idea de acadar un crecemento sostible e integrador, a Estratexia marcaba cinco obxectivos principais que debían ser logrados, a máis tardar, para o 2020: en materia de emprego, I+D, enerxías renovables, educación, e, por último, pobreza e exclusión social. Este último esixía reducir en 20 millóns o número de persoas que vivían en situación de AROPE.

Dito obxectivo foi concretado a nivel nacional mediante os Programas Nacionais de Reformas, elaborados anualmente polo Goberno español e remitidos á Comisión Europea dende 2011. No 2011, España marcouse como obxectivo reducir entre 1,4 e 1,5 millóns (durante os anos 2009 a 2019, ambos incluídos) o número de persoas en risco de pobreza e exclusión social de acordo co indicador AROPE (Ministerio de Facenda, 2011). Rexistrándose incrementos da poboación anuais, ao ser definido o obxectivo en termos absolutos, España precisaría reducir o número de excluídos nunha magnitude suficiente para paliar o efecto do crecemento da poboación.

Como era previsible, tal obxectivo non se acadou, e, ademais, a evolución producida entre os anos 2009 e 2019 rematou con aproximadamente 900.000 persoas

máis en situación de AROPE⁶ ca no ano 2008, previo ao período obxectivo. Isto débese, en parte, ao incremento da poboación (860 mil persoas), mais tamén ao incremento da taxa AROPE: 23,8% no 2008 e 25,3% no 2019. Para 2020, a situación non fixo máis ca empeorar, sumándose á situación de pobreza e/ou exclusión 600.000 persoas máis.


Táboa 1. Número de persoas en AROPE en España en comparación co obxectivo EE2020

SITUACIÓN INICIAL (2008)	OBXECTIVO FINAL	DESVÍO DO OBXECTIVO (2019)	DESVÍO DO OBXECTIVO (2020)
10.985.562	9.485.562 - 9.585.562	2.312.069 - 2.412.069	2.941.448 - 3.041.448

Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Isto vai é coherente e dá lugar ao feito de que España se atope entre as peores posicións a nivel europeo no que respecta ao indicador AROPE, situándose, para o ano 2020, como o cuarto país⁷ da Unión con maior taxa de pobreza e/ou exclusión.

Figura 4. Taxa AROPE nos distintos países da Unión Europea (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat (2021).

Como vemos, o rango entre os diferentes países da Unión é moi amplo, de case 25 puntos porcentuais entre o mellor e o peor situado. Países coma España, Grecia,

⁶ Tendo en conta as cifras de poboación e as taxas de AROPE proporcionadas polo INE para estes anos.

⁷ Eurostat non ofrece datos para Italia, Irlanda e Letonia no ano 2020.


Bulgaria ou Romanía atópanse por enriba da media -se ben, dentro desta indeseable situación, España diferénciase notablemente de Romanía ou de Bulgaria-.

4.2. Estudo do indicador AROPE (2020) por grupos de poboación

Nas seguintes subseccións desagregase a taxa AROPE do ano 2020 -un 26,4% para o total da poboación- segundo certas características, o cal permite identificar factores socio-demográficos determinantes da pobreza e/ou exclusión social, que posteriormente serán incluídos como posibles variables explicativas no modelo de regresión loxística.

4.2.1. Taxa AROPE por sexo e idade

Figura 5. Taxa AROPE e compoñentes por sexo (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

No que respecta ao sexo, os datos mostran unha lixeira fenda entre homes e mulleres en todos os elementos que compoñen o AROPE: no 2020, o 27,2% das mulleres españolas estaban en risco de pobreza e/ou exclusión, mentres que para os homes a cifra situouse no 25,6%.

Analizando a década anterior, obsérvase que a diferenza por sexos acadou o seu nivel máximo no ano 2008, xusto antes do comezo da gran crise, cando chegou aos 2,7 puntos. A medida que avanzaba a crise, a porcentaxe de homes en situación de AROPE medraba en maior medida, de xeito que, a partir do 2012, a diferenza tomou o sentido inverso, sendo maior a porcentaxe de homes que a de mulleres en exclusión social.


Dende o 2014, a incidencia nos homes comezou a reducirse, de novo máis rápido que a das mulleres, volvendo, a partir do 2016, a invertirse a situación.

Destes datos extráese que o nivel de pobreza e exclusión para os homes é máis sensible -dende 2008 moveuse entre o 22,4% e o 29,4%- á evolución da economía e aos niveis de emprego, mentres que nas mulleres -con mínimo de 25,1% e máximo de 28,9%- apréciase unha situación de pobreza e/ou exclusión máis estrutural. Así, en épocas de estabilidade e crecemento económico coma o actual -abstraéndonos do fenómeno covid-19-, as mulleres sofren maior pobreza e/ou exclusión.

En canto aos compoñentes, e xa cinguíndonos ao ano de referencia, no 2020 apréciase unha fenda en desvantaxe das mulleres na taxa de pobreza, de 1,5 puntos porcentuais: é neste compoñente onde se atopa a maior diferenza. Na baixa intensidade no emprego, a fenda é máis reducida, se ben tamén hai máis mulleres ca homes vivindo en fogares con baixa intensidade. A menor diferenza apréciase na carencia material, na que tanto homes coma mulleres se sitúan practicamente na media.

Cómpre ter en conta, tal e como afirma acertadamente a EAPN (2021), que a ECV, por ter outros obxectivos, non reflicte a magnitude real da fenda de xénero na economía e na exclusión, debido a que esta enquisa asigna o mesmo nivel de vulnerabilidade a todos os membros dun fogar, sexan homes ou mulleres. Os datos que estamos a analizar non recollen, por exemplo, a diferenza entre o home e a muller nun fogar composto por unha parella heterosexual.

Figura 6. Taxa AROPE e compoñentes por idade (2020)⁸



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

⁸ O INE non recolle datos de BIT para maiores de 60 anos.

En primeiro lugar, destaca a baixa taxa de AROPE das persoas maiores de 65 anos -en relación coa media, pois, aínda así, están nesta situación un quinto das persoas maiores en España-. Estes menores niveis de exclusión para as persoas anciás débense a que a súa fonte de recursos son as pensións, derivadas da súa cotización ao longo de anos de bonanza económica. A contía das pensións non se ve alterada polas situacións de crise -salvo que así se decida polos gobernos-, o cal proporciona aos maiores unha estabilidade moito maior á do resto da poboación.

Aínda así, cómpre sinalar que a taxa AROPE para os anciáns está mostrando un crecemento moi preocupante dende o ano 2014, pasando dun 12,9% nese período ao 20,5% actual. Gran parte deste crecemento produciuse no último ano, posto que a taxa no 2019 para este grupo de idade era do 15,7%. Non se debe só á covid-19, xa que, dentro dos compoñentes do AROPE, o maior incremento apréciase na taxa de pobreza -4,3 puntos-, calculada con datos previos á pandemia.

En sentido contrario, destacan as altísimas taxas de AROPE da poboación nova. Existe unha enorme incidencia nos menores de 16 anos, o cal (tendo en conta que estes non están en idade laboral e polo tanto non perciben ingresos) é xa revelador dunha maior incidencia da exclusión dos fogares nos que residen nenos. O AROPE neste grupo medrou 1,1 puntos porcentuais dende o ano pasado, pero a carencia material severa incrementouse en 3 puntos.

Unha terceira parte dos mozos de 16 a 25 anos en España atópanse en situación de pobreza e/ou exclusión. É lóxico deducir que esta devastadora incidencia vén dada pola precariedade laboral que asola á xuventude: segundo o estudo xa citado en apartados previos (CCOO e IEIUA, 2021), é a mocidade o colectivo que sofre as peores condicións de traballo, acadando a precariedade entre os novos unha incidencia do 75%. Os empregos precarios, sumados á necesidade, en moitas ocasións, de afrontar elevados gastos para a súa formación, coloca á xuventude española no peor posto da taxa AROPE.


A poboación de 26 a 45 e de 46 a 65 anos experimenta unhas taxas de pobreza e exclusión próximas á media, algo máis acusadas no segundo grupo. Son estes os grupos de idade máis abundantes de acordo coa pirámide de poboación española, e os que estabilizan o AROPE global no 26,4%.

En conclusión, a xuventude pode considerarse, a día de hoxe, un factor de risco á hora de padecer pobreza e/ou exclusión social.

4.2.2. Taxa AROPE por comunidades autónomas

Pasando á análise do elemento xeográfico, os datos do AROPE para cada unha das comunidades autónomas españolas revelan unha indiscutible incidencia do factor territorial no risco de pobreza e/ou exclusión social.

Figura 7. Taxa AROPE e compoñentes por comunidade autónoma (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

En primeiro lugar, destaca a acusada diferenza entre as rexións con menor e con maior taxa AROPE, que supera os 30 puntos se temos en conta as cidades autónomas e os 26 puntos -entre Navarra e Extremadura- se nos cinguimos ás comunidades. Observando datos da década anterior, resulta que a diferenza véñse mantendo ao longo do tempo, con variacións de intensidade -mínimo de 23,8 puntos no 2013 e máximo de 32,6 no 2018-.

Por outra banda, segundo mostra de xeito moi ilustrativo a gráfica, todas as comunidades autónomas con taxas de exclusión inferiores á media -excepto Asturias- están situadas na metade norte da península, mentres que todas as rexións cuxa taxa AROPE é superior á media pertencen á metade sur de España. É dicir, o país divídese en dúas metades perfectamente diferenciadas, de xeito que a metade sur experimenta taxas de pobreza e/ou exclusión moi superiores ás do norte.

Facendo unha agrupación, de media, para o conxunto de rexións norte apréciase no 2020 unha taxa AROPE do 21,3% -dende 2008, oscilou entre o 18,5% e o 21,3%-, mentres que o conxunto sur rexistra un nivel do 33,1% -cun mínimo e máximo dende 2008 de 30,7% e de 39,4%, respectivamente- (EAPN, 2021). Polo tanto, a forte

polaridade norte-sur arrástrase dende décadas atrás, o cal permite deducir que ten a súa causa en factores estruturais.

Cómpre recordar, a modo exemplificativo, que no apartado 4.1, ao facer referencia ao problema da precariedade laboral en España, citábanse Andalucía, Canarias e Extremadura como comunidades con maior precariedade, estando no polo oposto Madrid, País Vasco e a Rioxa. Este é un exemplo de como certos -e numerosos- factores reforzan a exclusión social e, á súa vez, esta impulsa novamente eses fenómenos, producíndose así un efecto 'bóla de neve' que dificulta que as persoas socialmente excluídas poidan saír de tal situación.

O crecemento do AROPE español do ano 2020 respecto ao do 2019 é xeneralizado, posto que se produciu en 13 das 19 rexións españolas. Nas 6 restantes, a redución do AROPE foi moi moderada, coa excepción de Ceuta, onde diminuíu en 7,2 puntos porcentuais.


Desagregando, obsérvase que o patrón da taxa de risco de pobreza, igual que a nivel nacional, é a estabilidade: nalgunhas rexións baixa e noutras medra, pero de xeito moderado. Ocorre o mesmo coa baixa intensidade no emprego, en coherencia coa moderada variación (-0,9 puntos) que experimentou a nivel nacional: neste compoñente do AROPE destaca (crece en máis de 3 puntos) a redución en Andalucía, Castela-A Mancha, Galicia e especialmente Ceuta, e o incremento en Asturias e Melilla.

Pola contra, e seguindo tamén o patrón apreciado a nivel nacional, rexistrouse un forte e xeneralizado incremento da taxa de carencia material severa, que afectou a 17 das 19 rexións -excepto Aragón e Castela-A Mancha-. Dentro deste incremento xeneralizado, destaca especialmente o de Canarias (6,8 puntos), Comunidade Valenciana (6,7 puntos) e Illas Baleares (4 puntos).

Como xa foi comentado, o crecemento disparado da carencia material ten a súa causa na crise sanitaria, e, segundo o exposto no parágrafo anterior, o impacto da covid-19 nas condicións de vida fíxose notar especialmente en rexións nas que o turismo ten, todos os anos, un enorme peso na economía. Os datos insinúan que a práctica desaparición -sen precedentes- da actividade turística na temporada 2020 fixo estragos naquelas rexións máis dependentes deste sector, agravando fortemente o incremento da carencia material a nivel estatal.

Por último, no que respecta á división rexional, interesa coñecer a situación galega.

Figura 8. Taxa AROPE e compoñentes en Galicia (2019 e 2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

En canto ao AROPE, Galicia sitúase nun nivel moi próximo á media nacional, sendo a penúltima -tras Asturias- das comunidades da metade norte. Respecto ao ano anterior, o nivel aumentou en 1,4 puntos.

A taxa de risco de pobreza medrou 2,1 puntos respecto ao 2019 e sitúase no 2020 lixeiramente por enriba do total nacional, ao contrario que no ano anterior. Isto é, en certa medida, preocupante, xa que non estamos ante un incremento conxuntural debido á crise sanitaria.

Pola contra, no que respecta á carencia material severa, a covid-19 non tivo tanto impacto en Galicia coma noutras rexións: o crecemento foi de 1,6 puntos fronte aos 2,3 nacionais e a taxa de carencia material mantense por debaixo da media.


Por último, son tamén positivos os datos de baixa intensidade no emprego⁹: esta reduciuse en 3,4 puntos (0,9 a nivel nacional), e sitúase por debaixo da media.

En conclusión, a situación de Galicia, no que respecta aos niveis de pobreza e/ou exclusión, pode considerarse satisfactoria en comparación co conxunto estatal, se ben resulta preocupante a evolución do compoñente da pobreza -nos últimos anos segue unha tendencia lixeiramente crecente, ao contrario da taxa nacional-.

⁹ Lémbrese que estes datos están ponderados debido á existencia de respostas en branco. Realmente, a porcentaxe de entrevistados que responderon estar en situación de BIT en Galicia foi do 5,8%, fronte ao 7,4% nacional.

4.2.3. Taxa AROPE por grao de urbanización

Figura 9. Taxa AROPE e compoñentes por grao de urbanización (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Da gráfica anterior intúese a existencia dunha relación inversa entre o grao de urbanización e os niveis de pobreza e/ou exclusión: segundo os datos do 2020, en España, a residencia dunha persoa en zonas despoboadas implica para ela un maior risco de AROPE, de pobreza e de niveis de baixa intensidade no emprego. Unicamente a carencia material severa se mostrou máis alta nas zonas máis poboadas.

O maior risco de pobreza e exclusión das zonas rurais asóciase á problemática que envolve á coñecida como 'España baleira'. Unha combinación de falta de oportunidades e de boas condicións laborais, falta de oferta educativa, de infraestruturas, de transporte, de carencias de habitabilidade nalgúns casos e, en xeral, de accesibilidade a servizos, provoca un éxodo continuo ás zonas urbanas e un crecente envellecemento da poboación rural, cunha conseguinte dependencia que, á súa vez, non pode ser atendida adecuadamente pola dispersión dos centros sanitarios e asistenciais e a inexistencia de transporte público.

Atopámonos así cunha situación na que os fogares rurais están compostos maioritariamente por persoas de idade avanzada que teñen ou terán que destinar importantes recursos á súa propia dependencia -centros de día, taxis para realizar recados básicos, cuidadoras e empregadas do fogar-, e por familias nas que a principal fonte de emprego reside no sector agricultura e/ou gandería, cuxas condicións laborais e marxes de beneficio distan moito do que sería desexable.


Pero ademais, resulta que as taxas de AROPE por grao de urbanización a nivel europeo mostran unha dualidade de casos: naqueles países con niveis de benestar e economías máis potentes (Alemaña, Bélxica, Países Baixos, Dinamarca...) as taxas de exclusión máis elevadas rexístranse nas grandes urbes, mentres que en países coma Romanía, Grecia, Portugal ou España, este problema ten a maior incidencia no rural (CES, 2018).

Polo exposto, dedúcese que a relación inversa entre o nivel de poboación e o AROPE en España ten a súa explicación nas insuficientes medidas de apoio, promoción e desenvolvemento do medio rural e no total desaproveitamento das oportunidades que ofrece, propiciando a baixa intensidade no emprego e a pobreza -e, polo tanto, o AROPE- nestas zonas.

Vivir nunha zona despoboadada parece ser un factor de risco para caer na exclusión.

4.2.4. Taxa AROPE por tipo de fogar

Figura 10. Taxa AROPE e compoñentes por tipo de fogar (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

De xeito case inmediato, a observación da gráfica mostra que a existencia de menores¹⁰ nun fogar implica un maior risco de exclusión para o conxunto das persoas que residen nel.

¹⁰ Denominados habitualmente nos estudos “NNA” (abreviatura de nenos, nenas e/ou adolescentes).

En segundo lugar, dentro de cada unha das categorías -con e sen nenos- a incidencia do AROPE clasifícase, de menor a maior, segundo residan no fogar dous adultos, máis de dous ('outros fogares') ou un só. Identifícase, polo tanto, como segundo factor de risco, a unicidade dun só adulto no fogar.

Ambos os factores de risco teñen carácter estrutural, posto que, segundo os datos dispoñibles para anos anteriores, a orde sinalada véñse mantendo no tempo.

A combinación de ambas as características -existencia ou non de NNA e número de adultos- dá lugar a un AROPE graduado de xeito practicamente exacto, dende o fogar mellor posicionado composto por dous adultos sen nenos (20,9%), ao peor situado integrado por un só adulto con menores a cargo (49,1%) -é dicir, a metade das familias monoparentais en España están en situación de exclusión social-.

Os factores conflúen entre os fogares de dous adultos con nenos e os dun só adulto sen nenos, entre os que hai un enorme salto (7,5 puntos) en prexuízo dos segundos: o feito de vivir só supón un maior risco de atoparse en exclusión que a residencia nun fogar con nenos no que existe outro adulto.

A taxa de pobreza e a carencia material seguen a mesma orde que o AROPE, mentres que a baixa intensidade no emprego, aínda que rexistra os máximos nos fogares dun só adulto, mostra os seus valores máis reducidos nos fogares de dous ou máis adultos que si teñen NNA.


En canto á variación en relación co ano 2019, todos os tipos de fogar -a excepción dos de dous adultos con nenos- romperon a tendencia decrecente que viñan mostrando e sufriron un incremento do AROPE -sobre todo as familias monoparentais-

A carencia material, impulsada pola pandemia, aumentou en absolutamente todas as clases de fogar, e de xeito máis acusado e preocupante naqueles nos que residen NNA.

4.2.5. Taxa AROPE por actividade

Os resultados da taxa AROPE en función da actividade da poboación non mostran nada novo, senón que constatan o evidente: as persoas que se atopan empregadas teñen menor propensión á pobreza e exclusión que a media, rexistrándose neste grupo os menores niveis.

Figura 11. Taxa AROPE e compoñentes por actividade (2020)¹¹



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

As persoas xubiladas -en consonancia co dito ao tratar os grupos de idade- teñen taxas de AROPE, pobreza e carencia material similares ás das persoas empregadas, grazas á estabilidade que proporcionan as pensións.

O AROPE alcanza os seus máximos para as persoas que están en situación de paro: máis da metade dos parados en España están en pobreza e/ou exclusión social. Resulta obvio que o desemprego é un factor de risco importantísimo para padecer AROPE.


Mentres que, segundo a EPA (INE, 2022), as taxas de desemprego para o total da poboación no 2019 e no 2020 estaban entre o 14 e o 16%, a taxa de desemprego para os menores de 25 anos situouse entre o 30 e o 40%. Atopamos aquí un factor explicativo das elevadísimas taxas de pobreza e exclusión entre a poboación nova.

Polo demais, apréciase que os outros inactivos, é dicir, aqueles que non están empregados nin na busca de emprego (por exemplo, os desanimados) acadan taxas de pobreza, exclusión e carencia material moi elevadas, mais non tanto coma aqueles que están na busca activa de emprego.

¹¹ Os datos sobre a intensidade no emprego por persoa móstranse unicamente para o grupo de persoas empregadas.

4.2.6. Taxa AROPE por nivel de estudos¹²

Figura 12. Taxa AROPE e compoñentes por nivel de estudos (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Apréciase unha relación inversa entre o nivel de formación e o nivel de exclusión social, de xeito que o AROPE descende, sen excepcións, a medida que aumenta o nivel de estudos. Todos os compoñentes do AROPE seguen o mesmo patrón.


Este fenómeno relaciónase en gran medida co exposto no apartado anterior, xa que existe tamén unha relación inversa entre o nivel de estudos o desemprego. Segundo os datos da EPA (INE, 2022), as taxas de desemprego para as persoas con estudos primarios xiraron, no 2019 e 2020, entre o 25 e o 30%, mentres que para a poboación con estudos superiores, entre o 8 e o 11%. Polo tanto, a maior nivel de estudos, menor risco de estar desempregado e de caer en pobreza e/ou exclusión.

En sentido inverso, os nenos nados en familias con altos niveis de pobreza e/ou exclusión atopan grandes dificultades para ascender na escala educativa, debido á imposibilidade de afrontar os custos -dificultade reducida, pero non eliminada, grazas ás becas públicas- e, en moitos casos, á necesidade de comezar a traballar e percibir ingresos a unha curta idade. Trátase dun fenómeno cíclico que se auto-reforza: a menores estudos, maior exclusión, e a maior exclusión, menores estudos.

¹² Para esta característica da poboación e as restantes, trabállase co ficheiro para maiores de 16 anos. Por isto, amósanse as taxas de AROPE, pobreza, carencia material e baixa intensidade no traballo para este conxunto da poboación nunha columna 'Total', a efectos de ter estes datos presentes.

4.2.7. Taxa AROPE por estado civil

Figura 13. Taxa AROPE e compoñentes por estado civil (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Apréciase que as maiores taxas de AROPE, así como tamén dos seus compoñentes, rexístranse para a poboación separada e -aínda que en menor medida- divorciada. Isto é congruente con sinalado ao analizar o AROPE por tipo de fogar: os fogares nos que reside un só adulto, ou, sobre todo, un só adulto con nenos a cargo, son os peor situados na escala da exclusión.

Atópase tamén por enriba da media a poboación solteira. Por unha banda, reitérase o anterior: os fogares nos que vive unha soa persoa teñen maior risco de AROPE, e, pola outra, resulta tamén congruente co indicado ao analizar a pobreza e exclusión por idade: as persoas novas son as que padecen maior risco.

O único grupo que se sitúa por debaixo da media do AROPE e de todos os seus compoñentes é o grupo de persoas casadas. Efectivamente, os fogares nos que residían dous ou máis adultos, incluso con nenos, tiñan menor incidencia de pobreza e exclusión. Ademais, en canto á idade, os grupos de 26 a 65 mostraban niveis de AROPE próximos á media.


No que respecta á poboación viúva, mostran taxas de pobreza e exclusión próximas á media. Por unha banda, inflúe que a enorme maioría dos viúvos son xubilados e maiores de 65 anos¹³, colectivos que mostraban baixos niveis de exclusión respecto ao

¹³ De feito, non se mostran nesta gráfica datos de baixa intensidade no emprego, que son para menores de 60 anos, porque a porcentaxe de datos dispoñibles non é en absoluto representativa.

resto da poboación. Por outra banda, e en sentido inverso, está a influencia negativa daqueles casos de persoas viúvas que non son maiores xubilados, senón persoas en idade laboral e en moitas ocasións con nenos a cargo. Neste segundo grupo, aínda que reducido, o AROPE tería unha grande incidencia, facendo así que a poboación viúva rexistre niveis de AROPE lixeiramente superiores á media.

4.2.8. Taxa AROPE por nacionalidade e país de nacemento

Figura 14. Taxa AROPE e compoñentes por nacionalidade e país (2020)



Fonte: elaboración propia a partir de INE (2021).

Por último, a nacionalidade e o país de nacemento das persoas inflúen tamén na súa posibilidade de padecer pobreza e exclusión social, mostrándose un risco de pobreza, exclusión e carencia material severa moito máis elevado nas persoas estranxeiras e/ou nadas fóra de España.

Arredor da metade dos estranxeiros ou nados fóra están en situación de AROPE, máis do 40% están en risco de pobreza e arredor do 20% sofren carencia material severa. Todas son cifras por enriba da media, mentres que as cifras para os españois e/ou nados en España están por debaixo do total.

No que respecta á baixa intensidade no traballo¹⁴, a diferenza entre españois e estranxeiros non é significativa, o cal revelaría unha enorme precariedade no emprego

¹⁴ A cifra de baixa intensidade no traballo para esta variable non é demasiado representativa, posto que a porcentaxe de persoas para as que non hai datos -sobre todo, para os nados fóra de España- é moi elevada.

da poboación estranxeira: pese a traballar coa mesma intensidade ca os españois, experimentan uns niveis de pobreza e exclusión moi elevados.

Estas conclusións, do mesmo xeito que todas as anteriores deste apartado de análise descritiva, serán apoiadas ou non polo modelo de regresión loxística elaborado, cuxas características e resultados se expoñen no apartado seguinte.

5. Modelo de regresión loxística

5.1. Marco teórico e explicativo

Neste apartado realízase unha breve e sinxela aproximación aos conceptos estatísticos cuxo coñecemento resulta necesario para a correcta comprensión dos resultados do modelo.

Un modelo de regresión é un modelo estatístico mediante o cal se pretende avaliar a influencia dunha serie de factores ou variables -denominadas explicativas ou independentes-, sobre outra variable -explicada ou dependente-. Cando a variable dependente é continua (por exemplo, a renda ou os ingresos), a regresión pode ser lineal, pero cando a variable dependente é categórica, utilízase a regresión loxística (Berlanga-Silvente e Vilà-Baños, 2014).

A variable dependente ou explicada do presente modelo é, evidentemente, o AROPE, tomada como unha variable categórica:

$$Y \begin{cases} 0 = \text{Non} \\ 1 = \text{Si} \end{cases}$$

A ecuación de partida do modelo lineal sería a seguinte:

$$y_i = \beta_1 + \beta_2 x_{2i} + \beta_3 x_{3i} \dots + \beta_k x_{ki} + u_i$$

Agora ben, xa que tomamos a nosa variable dependente como categórica e non continua (*Si* ou *Non*), un modelo lineal non resulta axeitado para explicar o seu comportamento, debido, sobre todo, ao problema do non estreitamento da probabilidade entre 0 e 1. Polo tanto, se se pretende que a Y estimada sexa unha medida de probabilidade limitada entre o 0 e o 1, entón o correcto é empregar un modelo *logit* ou modelo de regresión loxística. Transformando a ecuación anterior nunha logarítmica, resulta a seguinte expresión do modelo *logit*:

$$\begin{cases} p_i = P(y_i = 1) = \frac{1}{1 + e^{-z_i}} \\ z_i = \beta_1 + \beta_2 x_2 + \beta_3 x_3 \dots + \beta_k x_k \end{cases}$$

Á súa vez, os modelos de regresión poden ter por obxectivo avaliar como afecta un cambio en determinadas variables sobre outra -en cuxo caso estaremos ante un modelo

explicativo-, ou tratar de predicir o valor que tomará a variable dependente en función dos que tomen as independentes -tratándose entón dun modelo predictivo-.

Sendo o obxectivo do presente estudo avaliar a influencia dunha serie de variables -xa coñecidas- sobre o AROPE, e presentándose esta como una variable categórica e dicotómica, optouse por construír un modelo explicativo de regresión loxística binaria.

Por outra banda, debido a que para algunhas das variables que se considera oportuno incluír no modelo a ECV só obtén datos para persoas de 16 ou máis anos, o modelo foi construído a partir do ficheiro de datos para persoas desa idade ('+16'), que foi construído *ad hoc* para a realización deste traballo e ao que xa se fixo referencia no apartado 'Metodoloxía'. Do mesmo xeito, manteranse para as variables as re codificacións indicadas no citado apartado.

Á hora de decidir cales variables incluír no modelo, evidentemente tívose en conta o estudo previo da materia, segundo o cal, en principio, parecía axeitado incluír todas as variables demográficas como variables explicativas.

Non obstante, é imprescindible comprobar estatisticamente que todas as variables que se incluíron resultan significativas para explicar o AROPE: isto é, que se descarta a hipótese, para cada variable independente, de que a mesma non ten influencia sobre a explicada. Para isto realízase unha proba da razón de verosimilitude: se o p-valor resulta inferior a 0,05, a variable pode considerarse relevante para explicar o AROPE¹⁵.

A avaliación da calidade do axuste do modelo, é dicir, da menor ou maior discrepancia entre os valores observados na realidade e os esperados no modelo, realízase a través das seguintes medidas (Pando e San Martín, 2004):

- Os chamados coeficientes de determinación, coñecidos como Pseudo-R². O seu valor sitúase entre 0 e 1, sendo maior a calidade do axuste canto maior sexa o valor do coeficiente. A regresión loxística binaria con SPSS ofrece os R² de Cox-Snell, de Nagelkerke e de Mc-Fadden, sendo este último o máis empregado.

¹⁵ Cómpre adiantar que, a pesar de que a proba da razón de verosimilitude resultou favorable, optouse por excluír do modelo a variable comunidade autónoma, debido a que a enorme cantidade de categorías que contén (19) suporía a perda de demasiados graos de liberdade, perda non compensada pola información que proporciona.

- Mediante a coñecida como táboa de clasificación revélase a porcentaxe de observacións que foron correctamente clasificadas polo modelo na categoría correspondente.

En canto á interpretación dos resultados do modelo, esta realízase a partir da táboa de estimacións dos parámetros, respecto da cal cómpre definir os seguintes elementos:

- Os b mostrados na segunda columna son as estimacións dos parámetros do modelo. Nun modelo de regresión loxística coma este, mostran a probabilidade de padecer AROPE respecto á categoría de referencia, pero en escala logarítmica, polo que a cuantificación e interpretación de dita probabilidade realízase mediante os coñecidos como *odds ratio* que posteriormente se definen. En canto aos b , é suficiente ter presente que un valor positivo indica unha maior probabilidade de padecer AROPE para esa categoría, mentres que un valor negativo indica unha probabilidade menor.
- A cuantificación e interpretación da probabilidade realízase nos modelos de regresión loxística a través dos valores exponenciais de b ou *odds ratio*. Aos efectos do presente traballo, pode dicirse que os *odds ratio* cuantifican a maior ou menor probabilidade de padecer AROPE para cada unha das categorías das variables explicativas en comparación coa categoría de referencia, manténdose as demais variables explicativas constantes -é dicir, na súa categoría de referencia-.

O valor 1 do *odd ratio* significaría que o parámetro estimado é 0, e, polo tanto, o mesmo non tería relevancia para explicar a probabilidade de estar en AROPE. Un valor menor que 1 implica un b negativo e, polo tanto, unha menor probabilidade fronte á categoría de referencia, mentres que un valor superior a 1 (b positivo) implica unha probabilidade maior. A interpretación correcta dos *odds ratio* menores que 1 lévase a cabo mediante o cálculo da súa inversa.

- A táboa mostra tamén as probas da significación individual de cada un dos parámetros estimados, a través do p-valor e dos intervalos de confianza para os *odds ratio*. P-valores ou niveis de significación do contraste menores que 0,05 revelan que os coeficientes estimados son significativos para explicar o AROPE. O intervalo de confianza mostra o rango de valores que, o 95% das veces, inclúe o valor do *odd ratio*. Se o intervalo é pouco amplo,

e, sobre todo, non inclúe o valor 1 (valor nulo), entón os parámetros estimados son significativos.

No apartado seguinte móstranse os resultados obtidos a través do modelo de regresión e interprétanse tales resultados de acordo coas definicións recollidas anteriormente.

5.2. Resultados do modelo

En primeiro lugar, a través da proba da razón de verosimilitude comprobouse que todas as variables explicativas introducidas son significativas para explicar a variable dependente AROPE. Como mostra a táboa seguinte, a hipótese de non relevancia rexeitouse para todas elas cun p-valor case nulo.

Táboa 2. Proba da razón de verosimilitude

Efecto	Criterios de axuste de modelo Logaritmo da verosimilitude -2 de modelo reducido	Probos da razón de verosimilitude		
		Chi-cadrado	gl	Sig.
Intersección	11313029,193	,000	0	.
Sexo	11341963,853	28934,660	1	0,000
Idade	11610213,109	297183,916	3	0,000
Grao de urbanización	11357219,996	44190,804	2	0,000
Tipo de fogar	11742748,789	429719,596	5	0,000
Actividade	14258920,638	2945891,446	3	0,000
Nivel de estudos	12495543,090	1182513,897	3	0,000
Estado civil	11582456,833	269427,640	4	0,000
Nacionalidade	11351585,516	38556,323	1	0,000
País de nacemento	11709999,566	396970,374	1	0,000

Fonte: elaboración propia.

No que respecta ás medidas de bondade do axuste da regresión, os coeficientes de determinación pseudo-R² (R² de Cox e Snell, R² de Nagelkerke e R² de McFadden) amosaron valores satisfactorios a efectos dun modelo co que se pretende explicar a relación entre variables.

No mesmo sentido, a táboa de clasificación revela que o modelo clasificou de xeito correcto nas categorías *Si AROPE* ou *Non AROPE* ao 79% das persoas. Isto resulta coherente cos pseudo-R², ao revelar unha bondade do axuste satisfactoria.

Táboa 3. Táboa de clasificación

		Prognosticado		
		Non	Si	Porcentaxe correcta
Observado	Non	27726718,665	1685383,346	94,3 %
	Si	6582031,425	3467467,270	34,5 %
	Porcentaxe global	86,9 %	13,1%	79,0%

Fonte: elaboración propia.

Unha vez comprobada a correcta selección das variables que explican que unha persoa se atope ou non en AROPE e a correcta calidade do axuste do modelo, a táboa de estimación dos parámetros¹⁶¹⁷ mostra as probabilidades de padecer ou non AROPE estimadas polo modelo para as diferentes categorías de poboación.

Cabe adiantar que a proba de significación individual (p-valor) dos parámetros estimados confirma que todos son significativos, e a mesma conclusión se extrae dos intervalos de confianza, posto que a súa amplitude non é excesiva e ningún inclúe o valor nulo do *odd ratio*.

Táboa 4. Táboa de estimacións dos parámetros

AROPE ^a	b	Sig. (p-valor)	Exp (b)	95% do intervalo de confianza para Exp (b)	
				Límite inf.	Límite sup.
Si					
Intersección	0,450	0,003			
SEXO					
Home	-0,152	0,001	0,860	0,857	0,863
Muller	0^b
IDADE					
De 16 a 25 anos	0,028	<0,001	1,028	1,026	1,035
De 26 a 45 anos	0,635	0,000	1,886	1,879	1,894
De 46 a 65 anos	0,660	0,000	1,935	1,928	1,941
66 ou máis anos	0^b
GRAO DE URBANIZACIÓN					
Moi poboada	-0,201	0,000	0,818	0,817	0,820
Media	-0,179	0,000	0,837	0,835	0,838
Pouco poboada	0^b

¹⁶ Co fin de simplificar, non se incluíron as columnas para o erro estándar, os graos de liberdade e o test de Wald, senón unicamente as columnas relativas aos parámetros estimados, aos *odds ratios* e aos niveis de significación dos parámetros.

¹⁷ A categoría de referencia para cada variable explicativa é, por defecto, a última, que se mostra na táboa en cor amarela.

TIPO DE FOGAR					
Unha persoa	0,262	0,000	1,299	1,295	1,304
2 adultos sen nenos	-0,313	0,000	0,731	0,729	0,733
Outros fogares sen nenos	-0,527	0,000	0,590	0,589	0,592
Un adulto con nenos	0,751	0,000	2,119	2,108	2,130
2 adultos con nenos	-0,156	0,000	0,856	0,853	0,858
Outros fogares con nenos	0^b
ACTIVIDADE					
Traballando	-1,503	0,000	0,222	0,222	0,223
Parados	0,353	0,000	1,423	1,420	1,427
Xubilados	-0,902	0,000	0,406	0,405	0,407
Outros inactivos	0^b
NIVEL DE ESTUDOS					
Ed. Primaria ou inferior	1,367	0,000	3,925	9,915	3.936
Ed. Secundaria primeira etapa	0,959	0,000	2,609	2,603	2,615
Ed. Secundaria Segunda etapa	0,514	0,000	1,671	1,667	1,675
Ed. Superior	0^b
ESTADO CIVIL					
Solteiro	-0,239	0,000	0,788	0,785	0,791
Casado	-0,639	0,000	0,528	0,526	0,530
Separado	0,237	0,000	1,267	1,259	1,275
Viúvo	0,825	0,000	0,438	0,436	0,440
Divorciado	0^b
NACIONALIDADE					
Española	-0,385	0,000	0,681	0,678	0,683
Estranxeira	0^b
PAÍS DE NACEMENTO					
España	-1,082	0,000	0,339	0,338	0,340
Outro	0^b
a: a categoría de referencia é <i>Non</i>					
b: Este parámetro está establecido en 0 porque é redundante (categoría de referencia da variable)					

Fonte: elaboración propia.

No que respecta ás probabilidades, os coeficientes estimados e os *odds ratio* indican o seguinte:

- Sexo. O modelo sinala que é lixeiramente menos probable caer en AROPE sendo home que sendo muller. Concretamente, mantendo o resto de

variables na referencia, os homes terían unha probabilidade 1,163 veces menor que a das mulleres de sufrir pobreza e/ou exclusión.

- Idade. A regresión coincide en que a poboación maior de 65 anos é o grupo con menor probabilidade de padecer AROPE. Non obstante, sitúa a maior probabilidade na poboación de idade media e non nos máis novos, mostrando así unha discrepancia entre os datos observados e os prognosticados -o axuste do modelo, aínda que satisfactorio, non é perfecto-. Os grupos de 26 a 45 e de 46 a 65 anos terían, respectivamente, unha probabilidade 1,88 e 1,93 veces maior ca a dos anciáns de padecer AROPE, mentres que a probabilidade das persoas de 16 a 25 anos sería só 1,028 veces superior á dos anciáns.
- A maior probabilidade de sufrir AROPE rexístrase nos residentes en zonas despoboadas. As persoas que residen nunha zona moi poboada teñen unha probabilidade 1,22 veces menor de caer en AROPE ca aqueles, e os das zonas medias, unha probabilidade 1,19 veces menor ca os primeiros.
- Para o tipo de fogar, a maior probabilidade atópase nos fogares monoparentais con nenos (2,108 veces maior ca a da categoría de referencia 'outros fogares con nenos'), seguida polos fogares unipersoais, cunha probabilidade 1,295 veces maior ca a de referencia. A menor probabilidade téñena os 'outros fogares sen nenos' (1,69 veces menor ca a dos outros fogares con nenos).
- Resultan de gran magnitude as diferenzas entre as categorías na variable actividade: os empregados e os xubilados teñen unhas probabilidades 4,50 e 2,47 veces menores de caer en AROPE ca os 'outros inactivos', e os parados, unha probabilidade 1,42 veces superior.
- O nivel de estudos mostra tamén grandísimas diferenzas: as probabilidades de estar en AROPE para os que acadaron a educación primaria ou inferior, primeira e segunda etapa da educación secundaria son, respectivamente, 3,92, 2,60 e 1,67 veces superiores ás das persoas con educación superior.
- En canto ao estado civil, a menor probabilidade de padecer AROPE, segundo o modelo, téñena os viúvos, seguidos, nesta orde, polos casados e os solteiros. Só os separados teñen unha probabilidade (1,25 veces) superior de estar en AROPE ca os divorciados.

- Tamén para a nacionalidade e o país de nacemento o modelo responde ao observado: nacer en España e ser español reduce a probabilidade de estar en exclusión social. Aínda así, é moito maior a diferenza por país de nacemento que por nacionalidade: os nados en España teñen unha probabilidade 2,94 veces menor de estar en AROPE ca os nados fóra, mentres que a probabilidade para os españois é 1,47 veces inferior á dos estranxeiros. Así, a adquisición da nacionalidade española non sitúa aos nados fóra de España ao mesmo nivel de risco ca os españois nados aquí.

Conclusións

A análise efectuada puxo de manifesto que tanto a pobreza coma a exclusión social, que en ocasións se asocian co terceiro mundo e se ven tan lonxe, teñen unha grande incidencia no noso país. Utilizando como medida o indicador AROPE, no ano 2020 atopábase nesta situación o 26,4% da poboación española, é dicir, máis de 12 millóns de persoas. Pola súa parte, estaban en situación de pobreza económica -isto é, ingresos inferiores ao 60% da mediana nacional- uns 9,8 millóns de persoas. O estudo revela, polo tanto, que a vulnerabilidade social vai máis alá da mera insuficiencia de rendas e que existen outros factores que poden colocar a unha persoa na exclusión social, tal e como afirman hoxe en día os investigadores da materia.

España deixa moito que desexar no que respecta ao control e redución desta problemática, tanto a nivel nacional como comunitario, pois non cumpre cos obxectivos propostos e a día de hoxe sitúase entre os países peor posicionados da Unión.

Se ben os niveis de pobreza e/ou exclusión viñan mellorando dende o final da crise económica do ano 2008, a crise mundial da covid-19 fixo estragos nas condicións de vida dos fogares españois, incrementando de xeito desorbitado a porcentaxe de persoas en carencia material severa, que non poden, entre outras cousas, afrontar os gastos da vivenda principal, ir de vacacións ou manter unha dieta equilibrada.

No ano 2020, o AROPE medrou 1,4 puntos porcentuais. A carencia material severa fíxoo en 2,3 puntos, e a taxa de risco de pobreza en 0,3 puntos. Isto último preocupa, posto que non se trata dunha subida conxuntural debida á pandemia, senón a causas alleas á mesma. Pola súa parte, a baixa intensidade no emprego continuou a tendencia á baixa -0,9 puntos- que arrastra dende o final da crise financeira, paliando así en certa medida a influencia dos outros dous compoñentes.

En canto a Galicia, rexistramos unhas taxas de AROPE, carencia material severa e baixa intensidade no emprego inferiores á media nacional, pero a taxa de pobreza é lixeiramente superior.

Os datos ofrecidos pola ECV do ano 2020 revelan, a través dunha análise descritiva dos mesmos, que certos colectivos ou categorías de poboación clasificadas por características socio-demográficas presentan taxas de pobreza e/ou exclusión máis

acusadas ca outras, o cal permitiu identificar determinados factores de risco para que unha persoa caia na pobreza e/ou na exclusión social.

Concretamente, para o ano 2020, os datos mostraron que hai máis incidencia do AROPE entre as mulleres ca entre os homes, que o risco de AROPE diminúe a medida que aumenta a idade dunha persoa e a medida que aumenta o nivel de poboación do lugar no que reside, que residir en comunidades autónomas do sur é un factor de risco respecto a vivir no norte de España, que os fogares nos que reside un só adulto e nos que hai nenos teñen maior risco ca aqueles nos que viven varios adultos e non hai menores, que -loxicamente- os parados e outros inactivos rexistran maiores taxas de AROPE ca os empregados e xubilados, que a incidencia diminúe a medida que medra o nivel de educación, que os niveis son máis elevados para os divorciados, separados e solteiros que para os casados e viúvos, e que as persoas estranxeiras e/ou nadas noutro país teñen maior risco de AROPE ca os españois e/ou nados en España.

Para estimar a probabilidade de estar ou non en AROPE, elaborouse un modelo de regresión loxística binaria no que se incluíron como variables explicativas as utilizadas na análise descritiva -salvo a comunidade autónoma- e como variable dependente explicada e dicotómica o AROPE.

O modelo explicativo, cunha bondade do axuste satisfactoria e unha clasificación correcta para o 79% das persoas, chegou practicamente ás mesmas conclusións da análise descritiva en termos de probabilidade.

Á luz do exposto, podería construírse o perfil socio-demográfico da persoa coa maior probabilidade de sufrir exclusión social en España no ano 2020: trataríase dunha muller nova, con fillos, residente nunha zona despobada e nun fogar no que é a única adulta, desempregada e con educación primaria ou inferior, separada, estranxeira e nacida fóra de España. Pola contra, a persoa coa menor probabilidade de padecer AROPE sería un home maior de 65 anos, residente nunha cidade, en cuxo fogar viven máis adultos pero non menores, empregado ou xubilado e con educación superior, casado, español e nacido en España.

Se ben a pandemia comezada no ano 2020 tivo impacto nos niveis do AROPE, o certo é que tanto ditos niveis coma o perfil das persoas que o padecen véñense mantendo, con lixeiras variacións, dende que comezou a elaborarse a ECV en España, polo que parece ter, máis ben, carácter estrutural.

Será preciso esperar ás próximas ECV para valorar o impacto real da covid-19 sobre a pobreza e a desigualdade e verificar se a pandemia contribuíu efectivamente a arraigar este problema.

Co presente traballo e coas cifras que nel se expoñen pretendeuse poñer de manifesto a gravidade da problemática española no que a pobreza e a exclusión se refire e contribuír a dar visibilidade a esta lacra.

Bibliografía

- Ashton, P. (1984). Poverty and its beholders. *New Society*, 70(1139), 95-98.
- Baratz, M.S. e Grigsby, W.G. (1972). Thoughts on poverty and its elimination. *Journal of Social Policy*, 1(2), 119-134. <https://is.gd/5ALF29>
- Bazán Ojeda, A., Quintero Soto, M.L. e Hernández Espitia, A.L. (2011). Evolución del concepto de pobreza y el enfoque multidimensional para su estudio. *Quivera. Revista de estudios territoriales*, 13(1), 207-219. <https://is.gd/oR0MT5>
- Berlanga-Silvente, V. e Vilà-Baños, R. (2014). Cómo obtener un Modelo de Regresión Logística Binaria con SPSS. *REIRE, Revista d'Innovació i Recerca en Educació*, 7(2), 105-118.
- CCOO e Instituto de Economía Internacional da Universidade de Alacante (2021). *La precariedad laboral en España. Una doble perspectiva*. <https://is.gd/sQ0lw9>
- Comisión Europea (2010). *EUROPA 2020: Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador*. <https://is.gd/qoOtfv>
- Consello Económico e Social (CES) (2018). *Informe. El medio rural y su vertebración social y territorial* (01/2018). <https://is.gd/it6tcl>
- Decisión do Consello, de 19 de decembro de 1984, relativa a unha acción comunitaria específica de loita contra a pobreza (85/8/CEE). <https://is.gd/47wbRz>
- Domínguez Domínguez, J. e Martín Caraballo, A.M. (2006). Medición de la pobreza: una revisión de los principales indicadores. *Revista de metodos cuantitativos para la economía y la empresa*, 2, 27-66. <https://is.gd/73Cgkc>
- EAPN (2018). *El estado de la pobreza. Seguimiento del indicador de pobreza y exclusión social en España 2008-2017. Glosario* (8º informe). <https://is.gd/lx6Mbl>
- EAPN (2021). *El estado de la pobreza. Seguimiento del indicador de pobreza y exclusión social en España 2008-2020* (11º informe). <https://is.gd/2BKJn1>
- Eurostat (2022). *Eurostat. Sustainable development indicators*. <https://is.gd/6f3eLo>
- Fernández Maillo, G. (Coord.), Martínez Virto, L., Pérez Mayo, J., Pérez Eransus, B. e Sánchez Moreno, E. (2014). *Qué hacemos contra la pobreza*. Akal.

- Foessa (2021). *Análisis y perspectivas 2021: Sociedad expulsada y derecho a ingresos*. Fundación Foessa. <https://is.gd/4RkZYe>
- Foster, J. E. (1984). On economic poverty: a survey of aggregate measures. *Advances in Econometric*, 3, 212–251.
- García-Carro, B. e Sánchez-Sellero, M.C. (2020). Which groups have a greater risk of poverty in Spain? *Revija za socijalnu politiku*, 27(1), 19-36. <https://is.gd/aEh6Ba>
- González Martín, M. D. R., Ladera Díaz, J., Mateo Díaz, C. N. e Quintanilla Navarro, I. (2021). Educación, pandemia y brechas digitales: lecciones de un momento insólito. *Participación educativa*, 8(11), 61-72. <https://is.gd/gH3NMH>
- Hernández Pedreño, M. (Coord.) (2008). *Exclusión social y desigualdad*. Universidad de Murcia, Servicio de Publicaciones. <https://is.gd/b2Gv3v>
- IBESTAT (2022). *Metodología Encuesta de Condiciones de Vida*. <https://is.gd/A8FwRy>
- INE (2005). Encuesta de Condiciones de Vida. *Metodología*. <https://is.gd/WE6zA0>
- INE (2021). *Encuesta de Condiciones de Vida (ECV). Año 2020*.
- INE (2022). *Encuesta de población activa. Resultados*. <https://is.gd/nZqkFu>
- INE (2022). *Población en riesgo de pobreza relativa según situación laboral y en las personas con trabajo*. <https://is.gd/EBIJcq>
- INE (2022). *Riesgo de pobreza y/o exclusión social (estrategia Europa 2020). Indicador AROPE*. <https://is.gd/dEwat7>
- Jiménez Ramírez, M., Luengo Navas, J.J. e Taberner Guasp, J. (2009). Exclusión social y exclusión educativa como fracasos. Conceptos y líneas para su comprensión e investigación. *Revista de currículum y formación del profesorado*, 13(3), 11-49.
- Lacuesta, A. e Anghel, B. (2020). La población en riesgo de pobreza o exclusión social en España, según la definición del Consejo Europeo. *Boletín Económico del Banco de España. Artículos Analíticos*, (1), 1-6. <https://is.gd/VQCmIJ>
- Litchfield, J. A. (1999). Inequality: Methods and Tools. *World Bank*, 4. <https://is.gd/8GhM7L>
- Martínez López, R. (2004). La pobreza: problemas conceptuales y de medición. En Gimeno Ullastres, J. A. (Dir.), *Exclusión social y Estado de bienestar* (pp. 125-182). Centro de Estudios Ramón Areces.

- McKay, A. (2002). Inequality briefing. *Briefing Paper*, 1, 1-6. <https://is.gd/H8ux3a>
- Ministerio de Facenda (2011). *Programa Nacional de Reformas. España. 2011*. <https://is.gd/FvJgBL>
- Ministerio de Trabajo e Economía Social (2021). *Observatorio. Seguimiento de indicadores de empleo de la Estrategia Europa 2020*.
- ONU, Departamento de información pública. (1995). *The Copenhagen Declaration and Programme of Action*. United Nations.
- Pando Fernández, V. e San Martín Fernández, R. (2004). Regresión logística multinomial. *Cuadernos de la Sociedad Española de Ciencias Forestales*, (18), 323-327.
- Ringen, S. (1988) Direct and indirect measures of poverty. *Journal of Social Policy*, 17(3), 351-365. <https://is.gd/zo1Cza>
- Sen, A. (2000). El desarrollo como libertad. *Gaceta ecológica*, (55), 14-20. <https://is.gd/8IDGyk>
- Spicker, P. (2009). Definiciones de pobreza: doce grupos de significados. En Álvarez Leguizamón, S., Gor, D. e Spicker, P (Eds.), *Pobreza: Un glosario internacional* (pp. 291-306). CLACSO.
- Subirats Humet, J. (Dir.), Riba, C., Giménez, L., Obradors, A., Giménez, M. Queralt, D., Bottos, P. e Rapoport, A. (2004). *Pobreza y exclusión social. Un análisis de la realidad española y europea*. Fundación La Caixa. <https://is.gd/L9gbrc>
- Townsend, P. (1979). *Poverty in the United Kingdom: a survey of household resources and standards of living*. University of California Press.